ALVARO DAS CASAS

A ILLA DE ONS



NÓS, Pubricacións Galegas e Imprenta. Rua do Vilar 15.—SANTIAGO

A ILLA DE ONS

POR ALVARO DAS CASAS

Na entrada da ría de Marín, entre o cabo de Udra pol-o Sul e a punta de Cabicastro ao Norte, os mapas sinalan duas illas que protexen a ría eispecialmente contra os temporás dos terceiro e cuarto coadrante; son a illa de Ons e a Oncela, Onceta como se nomea no Fontán, ou Onza como se di no derroteiro (1). Desta, moi pequena, non me ocuparei por que a mais está deshabitada; estiven nela, sei que produz boa herba e ren mais; nen un árbre. Na illa de Ons, aparte outras moitas estadas, residín nunha xeira de dez días; do 13 ao 23 de Xuño do 1932, sendo hóspede do eisempar e chorado torreiro D. Anton Bruno; gardarei agarimoso sen nome no recanto mellor das miñas lembranzas.

A illa de Ons carez de bibriografía; apenas unha lixeira reprenza nos dizonarios (o xeográfeco de Madoz non lle adica nen meia dúcea de liñas) e mais ren. Rivera e Vazquez non falan dela (2), moi pouco Murguía, Rodriguez Gonzalez (3) pouco mais fai que nomealas o mesmo que Gallego Armesto (4) o mestre Otero Pedrayo, tan compreto sempre, adícalle uns comentarios casi telegráfecos (5); Xurxo Lourenzo adicallos brebísimos (6) e Xoán Carballeira fáille uns reportaxes no «Pueblo Gallego» mais sen saírese do senso xormalisteco que os motivaba. Con todo é dos recantos mais atraintes e de mais fondo intrés do noso pais, e si co-esta papeleta esperto anceios do seu estudo xeolóxeco, históreco e xeográfeco compretos, penso que xa teño conquerido dabondo.

(1) «Desde el cabo Trafalgar al puerto de la Coruña» 1937-pág. 226.

(2) Guia de Galicia»-Madrid- 1883.

(3) «Compendio de Geógrafia Especial de Galicia», 4.ª ed.ción. Santiago 1928.

(4) «Novisima Guia de Galicia»-Santiago-1928.

(5) «Guia de Galicia»-Madrid- Calpe-1926.

(6) Revista NÓS-núms. 124-125.

XEOGRAFÍA

A illa de Ons fica tendida de N. N. E. a S. S. W. mais ben entre as puntas da Lanzada e Cabicastro. Ten de longura pouco mais de tres millas, unha na sua largura maor e oito de boxeo. A sua outura máisema é de 119 metros. A illa é de propiedade particular e foi mercada, según as miñas informazóns, en 300.000 pts.

Conta cun faro de luz fixa, branca, de 3.225 buxías que se convirten ao eisterior en




325.000, de sistema de lóstrego en agrupamentos de catro destelos que relámpaguexan en vintecatro segundos, cun seitor de ocultazón de 5,50; ten corda pra tres horas, con frotador de mercúreo e lámpada de petróleo Champs con provisión por ano de seis toneladas (1)

(1) Este faro, reconstruido, inaugurouse no 1925.

No punto meio, ourentado á ría, fica o *Curro* (*Arenal de los Perros* no Fontán), o pequeno embarcadeiro pol-o que se fai todo o servizo, a taberna, a praia das dornas, o armacén e o casal do dono da illa Don Didio Riobóo, do xeito das antigas frábecas dos fomentadores cataláns.

A metade N. da illa é probe, pouco habitada e tristeira; a do Sul rica, fermosa, máis habitada e leda: nesta metade fica a ermida do S. Xoquin, co sagrado no redor, e a escola istalada na antiga reitoral, con 72 nenos —dos que asisten 43 ou 44— e 48 adultos. Desta poboazón escolar xa sabe lêr o cincoenta por cento; o seu mestre é D. Xaquín Fernández Cambeiro.

A illa ten pra o N. os montes do Centolo (88 m.), Cerrado, Pendetne ancha, Xovenco,



Coba da Vella e Gaiteiro, e os logares do Centolo (na illa din Centulu) e Cucorno; conta cunha pequena praia, a de Melide, frente da que, aos tres cabres, pódese fondeiar con 15 metros. Pra o sul ten o logar do Pereiró e a costa remata nunha liña rexamentes acantilada que vai dende a punta de Fedorento á de Rego d'Égoa.

Moran na illa 59 veciños facendo un total de 418 habitantes que se xuntan en 64 casas. Non hai crego, nen médeco, nen botica; a escola foi creada no 1923 e abríuse no 1925.

Estrana a riqueza das augas, moitas e inmellorabres; eu rexistrei, abondantísemas, as seguintes fontes: San Iñacio, a Mina, Cucorno, Canibeliños, Gaiteiro, Canexol, Pereiró, Caño, Area do Curro, Centolo, Coba do Lobo, Pendente alta e Das Cobiñas.

As praias principaes son: Melide, Curro, Area dos Cáns, Canexol e Peréiró ao Leste; ao Sul Fedorentes e ao W. Canibeliños e Buraco do Carneiro.

Dende o faro a illa domíñase en todo o seu conxunto: montanas en abas soaves coas cumes romas, en lombo de cabalo; algúns piñeiraes na vertente sul, poucos eucalitos e nen un castiñeiro, nen un carballo, nen unha nogueira, nen unha árbre secular. De froita soiamente as figueiras que se retorcen na beira das casas e algún limoeiro e laranxal alá embaixo, no resío do amo. A montana aparez coberta de fentos, toxos, carpazas, xestas, margaridas, alecrín e prixel, este en cantidás imensas. Cheira a tomiño, a herbaboa, anís, orégao e ruda. Roxean eiquí e acolá infindas campaíñas. Os éidos están a millo (colléitanse de 12 a 15.000 ferrados, de 20 kgs. ferrado) centeo, patacas, fabas e legumes de horta con moita abondanza as herbiñas. A illa abránguese nunha ollada que conmove e apaixoa: verdecente como a Erín das lêndas, ergueita como un castelo, cinguida de escumas e salseiros pol-o crebar imponente das ondas nos cantís esgrevios; semella unha nao mitolóxica a pregar o rosario das illas do poente.

Entre todol-os veciños xuntan 130 cabezas de gando vacún e duas centas cincoenta e tantas de cerda; non se olla nen por casualidade gando de lá. Moitos coellos, lebres e perdices, e un soio can: o do amo. Un promédeo de dúcea de galiñas por fogar. Algúns patos; bandas de corbos que dan conta das colleitas e que os veciños teñen de afastar con ledos espantapaxaros e tamen facendo soar unha roncha ou carraca. Moitas garduñas e londras. Verdecen moitos e bons loureiros.


Os veciños moran na illa de aluguer e pol-a terra teñen de pagar renta ao Sr. Riobóo; non teñen ren nen a casa en que moran. Recollen moi boas colleitas e axúdanse co peixe que abonda moito nestas costas: muxos, cravas, fanecas, crongos, luras, pi-

zaneiras, centolas, precebes, sarrans, maragotas, pintos, rabalas, chamizas, praguetas, buratas, cabalas, xurelos, mixillóns, mariolas, lorchos, xaxans, e sobre todo pólvos. (1) Ondè mais se pesca é pol-o Centolo. (2)

HISTÓREA?

Non sei ren da histórea da illa. Lourenzo anotou dous castros, e di que recolleu notizas de mámoas mais que non-as víu; a min parézme ter ollado unha ao W. do S. Xoquin. Descreve un deles, o *castelo dos mouros*, ao S. L., cun soio recinto de chan moi inclinado e un antecastro separado por fondo foso. Este castro xa o tiña en percebido na miña estada, con anterioridade ao cruceiro *Ultreya*. A min falaronme tamén de tere topado na illa machados de pedra que foron levados a Bueu, e hosos, en difrentes terras moi lonxanas do Sagrado.

Cornide di que a Ons e a Onceta son as *Insulae deorum* de que fala Ptolomeo. Outros fánnas dúas das dez Casitérides de qne fala Strabón, e Murguía quer amostrar que a Ons e a *Aunios* de que fala Plinio.



De restos medioevás percebin un sartego antropoide, de perto de dous metros de longo, a uns oitenta metros da costa pol-o Leste e a duos centos S. do embarcadeiro, nun lugar que lle dín *Laxe do Crego* e que é un penedo que descobre na baixamar. A tradizón dí que antigamente a terra adiantaba ainda ben mais da laxe, e que neste lugar había un fermorisimo mosteiro que se esborrallou «cando os franceses».

Ao N. E. óllase moi ben unha fortificazón acastelada tipo Wauban, antiga defensa da ría pol-o N.; unha lenda di que por embaixo da sua prataforma de granito sae un camiño que, por embaixo do mar chega á costa de Portonovo. A ermida é probe e sen nengún intrés: pode sere de comenzos do século XIX.

Os colonos vellos contan que a illa estivo deshabitada hastra que, alá pol-o 1818 ou 20, viñerón de Loira tres familias apellidadas López, Piñeiro e Comesaña que eiquí se estabreceron sen permiso de ninguén. O dono, que era o marqués de Valadares, chegou tempo despois pra botalos fóra mais èn pouco estivo que non-o matasen: os que poidriamos chamar fundadores, seus fillos parentes e outros continentás que viñerán tras deles, subreváronse, e si o fidalgo non perdeu a vida na revolta foi por que lla sôlvou o abó do aitual veciño Xosé Lopéz García, que era home de moito pulo, o que conqueríu fuxir con ele nunha dorna pra Bueu. Todos falan na illla desta revoluzón e todos lembran con agarimo a un rapaz—fillo ou neto do marqués— que eiqui veu de cazata anos despois nunha nao luxosísima

A HABITAZÓN

O dono ten divididos aos veciños en duas castes asegún a casa que teñen e a renda que pagan: os mais antigos e ricos labouran uns cincuenta ferrados e ocupan uu *casal*, os mais probes, fillos que se foron emancipando por casorio os mais deles, labouran de 15 a 20 ferrados e ocupan unha *caseta*. Casaes soio hai trinta e dous, como habitazón, son os menos intresantes.


Todal-as casas son de pranta reitangular

(1) Enprego nomes dos pais.

(2) O meu amigo o buzo Marquez dixome ter visto entre o Centolo e o Camouco, árbres imensas que supón dunha especie de coras.

de piso baixo con chan terreo; teñen o tellado a dúas vertentes que desaugan nas facianas longas. As mais probes óllanse ao N. e ao Sul as mais ricas. Non teñen pateos, curros nen sebes ou valados que as garden; as mais delas pechan con tarabelo e sen chave. A unha beira teñén o pendello onde se garda o carro de bois (sempre os levan xunguidos pol-o pescozo), as petas, os arados. etc. a leña e mais a herba.

As casas son feitas de cachotes e teñen o madeiramen de piñeiro; soio teñen xanelas na faciana princepal na que se abren duas portas adinteladas, de hoco pequeno, con dúas follas facendo cancela; entre as portas óllase unha xanela pequeniña. Unha porta abre pra a cociña e outra pra o dormidorio; entr-elas, baixo a xenela, acostuma a



habere un banco de pedra. Apenas teñen cristás, nen teñen chemineia. Rente da casa está a corte pra a facenda cun apartamento que é o cortello dos cochos.

A cociña é escurisima e ten unha lareira de pouco mais de meio metro por un e meio posta a unha outura de mais meia vara. Rente, no mesmo nivel, fica o forno, e perto dele o muiño de man, de pedra grá, cun diámetro de 50 á 60 cms. Non fallan nunca a artesa, un pequeno banco chamado tallo e un alzadeiro probisemo.

O resto da casa, sen comunicazón interior, é dormidorio, xeralmente de dous leitos nos que se arranxan todos durmindo xuntos a dous, a tres e a catro. O que é carpinteiro eiquí traballa, o que é mariñeiro eiquí garda a vela, e as redes, e os toletes, e os estrobos, e os remos. Nas casas millores teñen algúns retratos dependurados das paredes. As roupas gárdannas dependuradas dun pau horizontal que pende do teito. No faiado gárdanse as patacas e o cosco ou folla de millo pra botar no cortello. O grau gárdano no piorno (nas casas boas) que está pertiño do casal i é de pedra e madeira. Nalguhas casas teñen xenas ou cabras. Estruman con toxo e golfeiros ou algas. Aluméanse con candis de petróleo.

As casetas dan unha impresión probísima: dous ou tres pratos, unha tixola, uns trébedes, a alcuza do óleo, unha farrapeira pra cada leito, colchóns de follo, roupas das mais cativas e nengún adorno, mais todo moi limpo. Estrana non ollar santos nen imaxes relixiosas; na porta da cociña, ao eisterior, teñen cravada unha cruz de pau contra as meigas, e mais ren; ás veces un rosario vello no testeiro do leito que ven se olla non foi usado fai anos.

A XENTE

Os tipos mais populares da illa son: o Calviño, o Marina, o Pisacán, o Mogueiro, o Gabilán, o Ripote, o Tupi, o Galleta, o Barandas, o Merdé, o Carroucho, o Chuchona, o Fentos, o Cocharelo, o Chalanas, o Vello, o Colón, o Serrán, o Pinche, o Crego, o Duque, o Gato, o Pisito, o Caxote e o Pareja. Casi todol os homes, vellos, mozos e cativos, teñen un alcume. A muller non-o ten endexamais.

Os nenos teñen conta do gando e axudan aos pais na pesca e nos traballos da terra. Non cantan nen xogan: son tristeiros de seu. De mozos gostan uns namoros breves, calados e castos, xeralmentes entre parentes moi próisimos. Os solteiros van de mozas xoeves, sábados e domingos e casan entre os 18 e os 25 anos; as mulleres casan entre os 15 e os 22 anos i é rarisemo que teñán fillos de solteiras. Podera darse un caso en moitos anos.

O tipo mais fecuente é outo, magro, esbelto, belo, mouro, de ollos pretos e brilantes, de boca grande e sensual, de cabelo como acibache. Non se topan xentes loiras, nen grosas, nen canas.

Son tristeiros, pechos en si, receosos, desconfiados. Pra un forasteiro e moi difícultoso trabar conversa con estas xentes. As mulleres son de eistraordinaria suspicaza, e visten sempre de preto ou côres escuras, cun pano na cabeza que ennudan na nuca ou sobre a testa. Traballan na terra de sol a sol, déitanse moi cedo e soio os domingos festexan facendo unha miga de conversa na taberna.


Os homes érgense con noite e saen ao mar; voltan de pesca ao meio dia; xantan unha caldeirada e vanse a labourar na terra; cean unha cunca de caldo e déitanse. Cunha hora de noite nigen fica erguido na illa.

A maor riqueza do mar é o polvo ou *pulpo* que pillan de tres xeitos, sempre con dorna: *á vista* cando fica enribadas penedas na baixamar, i-entón cóllese un largueiro de pino no que vai unha brinca grosa que o apaña ao estar o polvo pastando nos mexillóns; *á liña* atando un caranquexo ao cabo dunha liña e turrando cando o polvo esta ben entretido a comer ledamento no caranquexo: a liña leva de peso unha pedra redonda que se chama raña; e *ao bicheiro*, ou sexa unha vara de madeira que remata nunha de ferro dunha vara de longa, torcida na punta en xeito de gancho, co-a que se furga entre as penedas, no niño do polvo, hastra arrincar con ele.

Por ano os pescadores de Ons pillan uns 80.000 quilos de polvo; nun dia teñen collido a 1.500 quilos, e algúns polvos de quince quilos e máis de metro e meio de longura. A medida pra a venda é a cubeta, que leva uns 6 quilos e Riobóo paga por ela a 3 pts. A *cubeta* divídese en catro partes que se chaman *cartóns*. Riobóo, que monopoliza a compra do polvo, merca por dia e paga por semán: tantas cubetas, tantos cartons e tantos meios cartons.

Os veciños de Ons son moi pacífecos e poucas veces pelexan; cando berran chámanse: castrón, cabalo, cadela corrida, putañeiro, xena e cheirón. Son moi bons mariñeiros. Adivinan o mal tempo por que cantan as gaivotas por riba dos pedras, porque os rañacús ou estrelas de mar saen a tomar o sol e porque os merlos cantan nas silveiras, pois si cantan nos penedos e sinal de bón tempo.

Son moi pouco relixiosos; apenas rezan: soio os vellos algunha vegada botan unha




orazón ao deitarse. Non se apuran por bautizar aos nenos. Visitan aos agoñizantes e chóranos, pro ninguén reza por eles. Unha vegada por ano van en romeiría a Bueu e con esto fican satisfeitas as suas obrigas piedosas. Na diada dos mortos enareian e alumean as campas pro ninguén fica rente delas.

SUPERSTIZÓNS

Dou por certo que este é un dos recantos galegos onde mais supertizóns perviven.

Non se topa muller que non leve un dente de allo consigo, contra o mal de ollo. Ao que

ten unha man desartellada fan que a pouse no chan e lle pase por enriba dela unha melliza, mais sin o tocar. Ás preñadas, pra que desocupen logo e ben, bérranlle, bátenlle, e póñenlle na testa un sombreiro ou pucho de home. Pra curar a eirisipela, lavan a faciana con sangue de cresta de galiña. Pra tirar unha berruga espichan unha babosa e déixana secar enriba da berruga, mais nun ano o doente non debe pasar por onde foi topada a babosa que o curou. Cando un neno se pon doente, embadúrnano todo de óleo. Cando a un se lle creba un brazo ou unha perna, despois de recomposto pol-o curandeiro dánlle a *bisma* que é unha masa composta de xofre, brea, sebo, óleo e augardente. Ás patas crebadas dos animás entabliñannas con pau de figueira, pois outra madeira non



presta. Curan a dór das moas fumando ou tamén facendo buchos de petróleo, e si a dór non rende poñen na moa podre un grau de sal ou de sucre ou tamen unha cabeza de misto. Pra a dór de cabeza poñen na fronte cataprasmas de allo machacado con sal ou patacas crúas mondadas.

Cando entre moitos que pescan un non pilla ren, este xúlga que ten a sua dorna enmeigada i-entón vae de noite á praia a bareala cunha xesta hastra que se cansa. Aconteceu fai pouco que ninguén na illa pescaba; algúns veciños foron a Vigo, e trouxeron un bruxo que lle chaman o Mexilón e fixeron que el lles barease con xesta todal-as dornas.

Cando nunha familia un pilla o mal de ollo queiman na casa xionllo, herba boa ou calqueira outra pranta cheirenta, posta nunha tella nova, virxen, recén saída do forno. Si un lle ten a outro mala lei vai a Beluso e trae un sapo, e ponlle na boca un anaco de roupa do malquerido; namentras o sapo teña a tea na boca, o veciño odiado anda sempre doente.

Cando ollan lúz no camposanto é segura unha morte na illa. Endexamais poñen máns nun cadabre e soio con ollalo fuméganse con herbas cheirentas, ao chegar ao fogar. Nen pasan con noite rente do camposanto e ainda con día, procuran non pasar perto dele e non-o cruzan nunca.

Na illa —onde non hai parvos, nen tolos, nen cegos, nen sifilíticos— abondan as febres gástrecas, as eirisipelas, as escrófulas e a lepra. (1) Esta terribel doenza coidan que se cura pasando a man dun agoñizante pol-a fronte do doente; maxinádevos, pois, o eispeitacro dunha caseta onde alguél está a morrer: os carpidos dos parentes aflitos, os doentes arrempuxándose pra coller ainda con quentura a man do agoñizante, outros que fuxen pra que non os sorprenda a visión da morte, os cativos a laiarse baixo do pendello.....

Todos, mais ou menos, ollaron a Compaña mais ninguén quer descrebila. Indo a xente en grupos soio un a pode ollar e os outros soio no caso de que o que está a vela lles toque. Aconteceulle ao fillo de Marceliña Vidal que indo eo a sua abóa esta viu a aparizón mais o rapaz non daba ollala; a vella entón pisóulle un pé, e ao estabrecerse o contaito o rapaz víu tamén.

A veciña Ramona Dominguez Solla, de 67 anos, contóume que sendo o seu pai rapazote viña unha noite de espadelar no liño e traguía o espadaleiro na man; saiulle ao encontro un mico que meténdoselle entre as

(1) Véxase o curioso estudo do Dr. Guitián Lapido «Estado actual de la lepra en Galicia». Santiago 1934.

pernas non-o deixaba adiantar: ele batialle co espadaleiro hastra que o crebou, mais o mico non fuxía e cada vegada daba mais ná sua téima. Chegou a ter moito medo. Comenzou a berrar e o seor Pedro que o escoitou díxolle: é o trasno, dille Xesús pra que escorrente. O mozo dixo Xesús tres vegadas e o mico liscou como un foguete.

Outro veciño, Fuco Otero, sempre que chegaba á casa topaba na porta un trasno que tiña posto un pucho de moitos côres. Andando o tempo ao trasno díulle por entrar no casal e brincar no leito do seor Fuco. Unha noite andaba a pelexar có trasno, que non o deixaba durmir e na loita pillóulle o pucho. O trasno entón rompeu a chorar e axoellado pediulle que lle devoltase o pucho. Dóucho —asegurou o vello— si é que non me montas mais; noutro caso quéimo-o. O trasno xurou deixalo en paz, fóille devolto o pucho e non apareceu mais co-as suas brincadeiras.

Unha serán meu amigo o torreiro propúxome que fósemos saber da peneira. Aceitei gostoso; ceamos e, xa con noite andada, fumos os dous á caseta da Marceliña pra que nol-a botase. Costóunos o seu por que a muller non queria abrir; estaban xa deitados vella e nena nun leito e no outro a filla e mais o home. A vella receaba de min con medo de que fose con bulras, mais a final, colleu a peneira, suxetóuna no bico dunhas tesouras abertas, puxo nela un dedal e un pente, ordenóume que maxinara no que gostaba saber advertíndome que si a peneira viraba era proba afirmativa, rezou non sei qué (non foi posibel que m-o dixese) e logo dixo en voz outa: *Peneira, pol-a grazu de Deus e da Virxe María vírame a cara pra Don Alvaro.* E a peneira virόu rapidamentes.

LENDAS E CONTOS

«Unha vez Deus —cóntame a cativa de sete anos Deloriñas Mendez— estaba agachado na beira dun camiño. Pasou un carreteiro e Deus díxolle: quéresme levar? Mais o carreteiro respondeulle que non. Pois has andar sempre soio; díxolle Deus. Pasou outro; Deus pediulle se o levaba no carro, e o carreteiro díxolle que sí. Deus entón asegurou: pois este ano terás moito millo. E o carreteiro colleu a mellor colleita, arranxou a caseta, e fíxose un dos mais ricos da illa».

O mozo de dazaoito anos Lelo Blanco contóume este outro sucedido:

«Eiquí habia un rapaz que todol-os días ía ao monte co gando. Unha serán viu que por embaixo dunha laxe saille unha cobra, mais tanto lle gostou que lle díu migallas do seu pan. Fixéronse amigos e todol-os días xantaban o panciño xuntos, e o rapaz xogaba co-a cobra e agarimaba nela. O mozo foi ao servizo e cando voltou o primeiro que fixo foi correr ao monte pra ollar a sua cobriña: chegou alá, asubiou como costumaba outrora, e saiu a cobra, mais tan longa, tan longa e tan grosa, que o mozo colleu medo. A cobra non recoñeceu ao rapaz, botóuse a ele, ensarillóuno e matóuno. Mais cando o tiña morto reparou nele, reconocéuno e aflita botóuse ao mar e morreu afogada.»

Outro mozo —e sinto en verdada non lembrar o seu nome— contóume que no buraco dos mouros gárdase moito ouro e pedraria. Moitos veciños teimaron procuralo e alá foron cabar semáns enteiras, mais cando adiantaban un pouco no seu traballo por embaixo da terra, apagábanselle os lumes: é porque dentro moran os trasnos da illa que sopran todal-as luces cando se xulgan descobertos. Nesta cova—díxome a vella de 68 anos Ramona Dominguez— a miña nora que andaba co seu gando a pacer víu un crego todo revestido cun bastón na man; a miña nora tremeu e berrou pol-o seu pai toda arrepiada, e o pai díxolle: non teñas medo miña filla que é un encanto.

O veciño de 75 anos Xosé López García contóume que estando de soldado na Africa soupo que un mariñeiro da Arousa escoitou a un mouro falar de tesouros; achegóuse a ele e o mouro díxolle en segredo que na illa de Ons habia unha fonte chea de caracoliños de ouro. Cando voltou comprido, o mariñeiro aporveitou unha mañán que voltaba de pescar pra facer recalada na illa, e procurou a fonte. Encontróuna no logar mesmo que o mouro dixera. Entón foi a Arousa, fretou unha dorna ben comprida e de nóite voltou pra enchela de caracoliños: colléu

nos a mangados, e ialles soprando un por un, i encheu a dorna de ouro facéndose millonario.

David Otero, de 60 anos, viu unha raiña penteándose na fonte do Gaiteiro: cobríase cunha capa de prata, tiña na testa unha croa de brilantes e o pente relocíalle como si fose de vidro.

Estando no Marrocos Bieito Piñeiro falou cun mouro que, ao decatarse de onde era nado, díxolle que en Ons había moitos tesouros. Ao voltar o Bieito correu toda a illa mais non topou ren.

Cando saía de palicar co a moza Pepiño Vidal, de vintesete anos, viu a Compaña que lle acenaba co-a man.

O fillo de Ramona Dominguez Solla andando a pescar pol-o Centolo choutou a terra pra coller unha pedra coa que fondear a dorna, e nun burato que hai por embaixo do castelo viu un boi moi grande cunhas cornas moi longuísimas, que ao sopra-lo facía moito tronido. O rapaz tal medo colleu, que se botou ao mar e por ben pouco non afoga.



XANTARES

Os xantares mais enxebres na illa son:

A compota. Bátense ovos, bótase galleta de pantrigo picada da que se merca en Bueu, fariña, sucre, cravo, comiño, canela, pementa e outras especias, unha cebola picada con prixel e touciño en rustrido e mais un pouco de néboda. Ponse todo nunha caldereta e métese no forno a cocer ben, co forno ben quente, hastra que fique duro. Logo córtase como si fose pan. Soiamente se xanta no Antroido e na Páscoa.

Fillóas. Bátense hovos moi batidos e bótasélles auga e fariña triga. Derrétese touciño na tixola e cando está a tixola disposta vanse botando culleradas da masa feita que se chama *almoado*, e fanse como tortillas que logo se espolvorean de sucre. Xántanse cada mañán no almorzo.

Bandullo. Ponse a salar o bandullo do porco e logo, no Antróido, énchese de almoada de compota moi cargada de hovos, métese no forno e déixase cocer hastra que fique como un queixo. Xántase cortado ás rebanadas, e gosta tanto que na illa dín:

o peres-peres e mail-o bandullo,
fan unha festa no cabo do mundo.


AS FESTAS

Na illa as xentes son pouco festeiras: na verdade festas non fan mais que unha i é a de Bueu. Mozos e mozas, vellos e vellas, son dunha tristura inmensa: falan pouco, visten de escuro, apenas cantan e cando o fan dánlle ás cántigas un deixo de infinda melancolía. Sábense por herenza leprosos, supoñen xa de nenos a sua morte e co-esta preocupazón pasan os anos. Non gostan de saire endexamais da illa, na que por outra se xulgan probes, magoados, encheitos de todal-as infelicidás mais por enriba de todo pensan —como no conto de Romero Blanco encol de Lidón— que como Ons non hai nada. Os mesmos namoros pásannos rapidamente e cunha castidade sen egoal. Acostuman decir que *dos biquiños saen os filliños*, e nen un beixo se dan: a moza ten de ire ao casorio hastra no pensamento virxen.

Merez destacarse, como a mais leda da illa, a festa da Páscoa.

De mañan, no abrente, en cada fogar pónse a mesa, con manteis brancos e moito comestibre, de compota, galleiña, porco, figos, galiñas e mais resoleos e viños; no resto do ano solo beben auga. A mesa fica posta hastra o solpor.

Despois do meiodía van chegando os compadres e non falla nengún pois sería grande



Castro estudado por Xurxo Lourenzo

ofensa pra a casa. O compadre trae un pano branco collido pol-as catro puntas e gardado nele un roscón pra o afillado, e senón un bolo de pantrigo. Entrega o roscón e pasa á cociña: se o afillado é moi cativo e non pode coller o presente, este fica posto na mesa. Séntase a ela o compadre e come e bebe de todo o que haxa, na compaña da familia que lle dá conversa mais non xanta con ele. O orgulo da casa é, ao chegar a noitiña, ter os manteis todos pingados de viño.

De noite fáise a festa na taberna: os mozos beben e ofrecen viño ás rapazas que non aceitan, mais na galanteira disputa deixan suxarse de viño pra amostrar na saida como foron tentadás insistentemente a beber.

RELAZÓNS XOCOSAS

Soiamentes puiden recoller estas tres:

Lourenciño poucas barbas,
grandísemo belloqueiro,
non che acorda cando fumos
a redor daquel palleiro,
e no muiño no inverno
caímos peito con peito?
Pois seor Alcalde
o conto non tivo remedeo
pois sacamos un neno
grande como un becerro.

* * *

Elas eran tres comadres
en un barrio todas trés;
fixeron unha empanada
para ire ao San Andrés.
Unha xuntou trinta ovos,
outra xuntou trinta e tres.
Alá pol-a media noite
veu o marido outra vez
e pau nunha e pau na outra
e pau en todal-as tres.

* * *

Hai bo baile en Esteiro
mais co neboeiro
non se mira o sol.
Dixo o zapateiro
que é torto dun ollo
e coxo dos pés:
quen por cinco cartos
non baila hastra as dez?

CANZONEIRO

1 Téñome de ir a la Habana
co-as intenzóns de volver,
e si te alcontro casada
o sangue che hei de beber.

2 Marica berrou co xenro
na carballeira de embaixo
porque lle picou un toxo
que levaba no refaixo.

3 Ai si bebín si bebín pol o xerro,
ai si bebín si bebín fixen ben;
ai si bebín si bebín pol-o xerro
era de noite e non me víu ninguén.

4 Pra un abonda cun pau
pra dous traio unha navalla,
para catro valentóns
traio un revolver na faixa.

5 Todo o mal que me fixeches
has de m-o ter que pagar:
nin m-hei de casar contigo
nin ch-hei de deixar casar.

6 Ofrecícheme unha tunda
choqueiro de Redondela,
ofrecícheme unha tunda
e agora veño por ela.

7 Mórrome pol-a peneira,
mórrome por peneirar;
mórrome qor ter amores
na outra banda do mar.

8 As esfolladas do millo
non dan proveito a ninguén;
miña muller foi a ela
i-esfollárona tamén.

9 Agora que me puxeches
con a barriga redonda
ou has de casar conmigo
ou m-has de pagar a honra.

10 Eu pasei por Camariñas
por Camariñas cantando;
as nenas de Camariñas
quedan no río lavando.

11 Ao pasar as illas de Ons
acórdacheme meniña,
agora que van pasadas
coma si nunca che vira.

12 Desafío, desafío
desafío de navalla:
nunca fun a desafío
contigo cara labada.

13 Catorce voltas fixemos
para montar o Centulo,
e quixo a Virxe do Carmen
que viñésemos pra o Curro.

14 O día de San Manoel
hei de estrenar un vestido
do color do caravel.

15 Pica canteiriño pica,
pica na pedra miúda,
pica na muller allea
que outro picará na túa.

16 Como che vai en Cambados
co-as tuas cambadesas,
que eu tamén vou a Noalla
co-as miñas noalesas.

17 Vai dehí pernas de cabra,
pantorrillas de carneiro;
si queres falar conmigo
busca fianza primeiro.

18 Ainda onte fun á feira
por mandato de teu pai
e vendín por vinte pesos
á porca de tua nai.


19 Bailador que andas bailando
sacude ben os calzóns,
que parece que traes neles
un ferrado de abellóns.

20 Adios a miña meniña
tocadora do pandeiro,
esas son as mazarocas
que me traes do fiadeiro.

21 Eu andar ando co gando
a herba non lla comín,
agora fanma pagar
magoadiña de min!

22 Pol-o mar de Redondela,
pol-o mar embaixo vai
quen no corazón me leva.

23 O loureiro da Portela
ten a folla revirada,
que lla revirou o vento
unha noite de xiada.



24 Ainda non me fas falar
co-a tua sabedura;
os cravos que necesita
xa llos din á ferradura.

25 De noite fumos no Faro
unha meniña e mais eu:
ela non sabia nada;
todo o traballo foi meu.

26 A vara de S. Xosé
todol-os anos frolece.
Viva S. Xosé bendito
que é un santiño que o merece.

27 Quen me dera voar tan alto
como a estrela do norte,

para ver o que se pasa
en Sta. Uxía esta noite.

28 Eu ben cho dixen meniña,
eu ben te desengañei,
díxente que era casado,
agora que che farei.

29 Ando tras do porco negro
que no corral non parece;
ese que roncou ehí
él no roncar non parece.

30 O meu amor que ha de ser
ainda non veu acá hoxe.
—Si ha vir ainda non tarda
que ten o camiño lonxe.

31 Este ano hai moito millo,
casamentos que ha de haber;
hase de casar a fame
con a gana de comer.

32 O paxaro cando chove
mete o rabo na silveira;
así fai a boa moza
cando non hai quen a queira.

33 O viño e mail-a silveira,
Deus o dea, Deus o dea
para os mociños solteiros.

34 Para aquel que quero eu,
miña viña vendimada!...
para aquel que quero eu
xa non me sirves de nada.

35 Para que me casei eu,
solteiriña ben estaba:
falaba con quen quería
e ninguén me decía nada.

36 O caravel cando nace
chámanlle caraveliño;
tamén as fillas dos cregos
chámanlle ao pai señor tío.

37 Curazón alumiado
dime quen che alumiou.
—Unha nena de ouince anos,
a dazaseis non chegou.

38 Pasei pol-a tua porta
pedín auga e non m-a deches;
cando pases pol-a miña
farei o que ti fixeches.

39 O loureiro cando nace
na punta ten un enredo;
o galán cando namora
nunca ten os ollos quedos.

40 O pandeiro está furado
pol-a esquiniña de enriba;
o galán cando é de noite
anda por perder a vida.

41 Unha noite no muiño
unha noite non é nada,
unha semaniña enteira
esa si que é muiñada.

42 Estas mociñas de agora
son poucas e bailan ben;
en tendo unha saia nova
xa non falan a ninguén.

43 Esta miña pandereta
ten o aro de sanguiño;
tócana na Ribadavia
responde no Carballiño.

44 Carreira xa ten a sona,
Carreira xa a sona ten,
Carreira xa ten a sona
de cantar e bailar ben.

45 Chamácheme moreniña,
chamácheme moreneira,
chamácheme moreniña,
i-eche do sol que me queima.

46 Miña nai por me casar
ofrecéume bois e vacas,
dende que me víu casado
dóume unha cunca de papas.

47 Eu tirei unha laranxa
de Marín a Portonovo,
dentro daquela laranxa
ía o meu corazón todo.

48 A carreteira do Faro

non a pasean chavales,
paséana mariñeiros,
pilotos e capitanes.

49 María, miña María,
María non teño outra;
unha mañán de xiada
mandéina lavar a roupa.

50 Miña terra, miña terra,
terra donde m-eu criei,
terriña que quero tanto,
figueiriñas que eu prantei.

51 A tua honra meniña
xa pasou a Redondela;
si ma pagas a diñeiro
eu che direi quen a leva.


bótalle retama verde,
bótalle verde retama.

56 Pasas por min e non falas,
lévalo de fantasía,
ti pensas que me dás pena
e ainda me dás alegría.

57 Unha vella dixo a outra
pol-o burato da porta:
ti goberna a túa vida
que a miña nada che importa.

58 Aluméame luceiro,
luceiriño de fortuna,
aluméame luceiro
en canto non ven a lúa.

59 A lúa vai encoberta



ela se descobrirá:
anque teñas amor firme
non lle contes a verdá.

60 Pasei pol-a túa porta
tiñas as bolas no forno;
a ladra da túa nai
metéume un pau por un ollo.

61 Si queres o desafío
mociña do pano ao curro,
si queres o desafío
heicho de dar ben seguro.

62 Eu non quoro desafío
con ningún da túa fía
quéroche decir palabra
que saia sempre por riba.

52 Ergue o sombreiro pra enriba
que che quero ver a cara,
si non eres do meu gusto
anda, váite enhoramala.

53 Achégate ben a ela,
bótalle o brazo por riba,
que ha de ser a tua dona
como a auga vai pra riba.

54 O pandeiro está furado,
ben furado e colle vento,
o galán cando é de noite
non vai por perder o tempo.

55 A túa porta meniña,
a túa porta ten lama,

63 Un home de tantas rendas,
despois de tanto saber
que n-ha de traguer consigo
os avíos de encender.

64 Moza que te estás penteando
debaixo dun laranxeiro,
achanza ben os cabelos
e pende ben o carreiro.

65 O zapato quer a media,
a media quer o zapato;
a meniña que é bonita
tamén quer un mozo goapo.

66 Canta tí, cantarei eu,
irémolos dous cantando:
cante quen tivere amores
que os nosos vánse acabando.

67 Dicen qne non teño renda
para lle pagar ao Estado,
no pueblo de Sta. Uxía
teño un salgueiro prantado.

68 Eu non vou mais a Carreira,
a Carreira non vou mais
que se pican as areias
os amores moito mais.

69 Corrubedo non ten auga,
se non ten eu lla darei:
co-as bágoas dos meus ollos
Corrubedo regarei.

70 Unha vella nun corral
dun cuesco matou un polo,
e si se descoida un pouco
mata galiñas e todo.

71 Miña nai e mail-a tua
foron a unha romeiría;
a miña viña borracha,
a tua xa non se tiña.

72 Eu arriméime a un loureiro
por saber si era calado,
o loureiro e paroleiro
todo trae emparolado.

73 Eiquí nenas, eiquí nenas
arredor do meu sombreiro:
héivos de casar a todas
que teño moito diñeiro.

74 Pol-a miña porta pasa
un regueiro de auga fría,
para lle dar de beber
aos amores de algún día.

75 Mociñas que o tendes, dai;
eu cando non tiña dei;
agora teño e non dou;
cando non tiver darei.

76 Dame unha pinga de viño
para mollar a garganta,
para cantar como a rula,
verás como a rula canta.

77 Canta rula, canta rula,
canta rula no teu souto;
que é o que estás esperando
pol-o que ten na man outro,

78 Á tua porta meniña
sementei o azafrán,
tamén sementei amores,
non sei si me nacerán.

79 Algún día por te ver
abrín portas e ventanas,
agora por te non ver
todal-as teño pechadas.

80 Eu caséime por un ano
por saber que vida era,
a vida non era mala...
solteiriña quen me deral

81 Do teu corazón ao meu
vai unha longa cadea,
toda chea de sospiros,
branca com'unha azuzena.

82 Adeus Santa Uxía hermosa.
a popa te vou virando:
a saída será boa;
a volta Deus sabe cándo.

83 Adeus as illas de Ons
con ventanas e vidreiras,
non me pesa de mais nada
senón das mozas solteiras.

84 Héime de casar en Loira,
que é terra de moito pan;
o forno da miña sogra
bota silvas pol-o vran.

85 Manoela, Manoela,
Manoela do piorno,
dime o millo que colleches
eu ben cho levo por conto.

86 Abreme a porta María,
ábreme a túa cancela,
bótame á filla pra fora
que quero falar con ela.

87 Eres negra com-o pote,
branca como a parromeira,
se non te casas de noite
de día n-hai quen te queira.

88 Unha vella moi ben vella
mais vella que o meu chapeu,
tratáronlle o casamento,
levantou as mans ao ceo.

89 Non te quero miña vida
non te quero agora mais,
que xa te botei no olvido
onde botei as demais.

90 Eu cantar cantaba ben,
a garganta non m-axuda,
héina de mandar untar
cunha laranxa madura.

91 Dígamo vosté señora,
dígao vosté señoriña:
unha besta ben ferrada
cantos cravos necesita.


92 Adeus miña queridiña,
o meilor xa cho levei;
se non qués casar comigo
ainda cho estimarei.

93 De Xoellos vou ao fundo;
por causa dunha meniña
vou hastra o cabo do mundo.

94 Para outros vas ao fundo,
para min andas nadando;
o ben querer dunha moza
anda no comer do caldo.

95 Moreniña como a menta;
non sei que ten a morena
que a todo o mundo contenta,

96 Toda a noite pesca, pesca,
sen coller peixe no mar;
alá pol-a media noite
vin un peixe a rebrilar.




97 A sardiña pequeniña
como brinca no panel,
pequeniña e ben feitiña
esí quer ser a muller.

98 Carreteiriño das uvas
lévame no carro, leva;
comerémolas maduras.


99 Carreira era bunitiña
por onde lle daba o sol,
e por onde non lle daba
era da mesma color.

100 Pol-a ribeira de Vigo
moito choraba mi madre
cando me dixo: adeus fillo.



Veleiquí todal-as cántigas que puiden recoller na miña xeira; percébese axiña, na intenzón eróteca das unhas, na alusión a froitos que non se dán na illa das outras, que as mais delas son importadas rexistrándose no canzoeiro de outros e moi difrentes logares galegos. Curioso é notar tamén como nestas cántigas abondan os castelanismos feito estrano nun logar, como a illa, onde se fala o idioma patreo cunha limpeza maraviosa. Teño de sinalar tamén que todal-as copras son cantadas a son de pandeiro, cun deixo pousado e melancóneco difrente das pandeiradas habituás.

Ficades cunha ideia de como é a illa de Ons? Que a podades confirmar desexo e que



da confirmazón vos fique, de por vida, esta lembranza agarimosa, esta saudade infinda que vai sempre comigo dende que tiven a sorte de mourar uns días na illa mais fermosa e cativante do mundo.